



PROXECTO: REHABILITACIÓN E ACONDICIONAMENTO DUN CONXUNTO DE 30 MUIÑOS PARA A SÚA ADECUACIÓN PARA SENDA HISTÓRICO-TURÍSTICA, AO LARGO DO RÍO MAIOR, EN VILABOA.

SITUACIÓN: RÍO MAIOR, VILABOA.

PROMOTOR: CONCELLO DE VILABOA.

OBXETO DO PROXECTO

A redacción do presente proxecto ten por obxeto a rehabilitación e acondicionamento dun conxunto de 30 muiños para a súa adecuación coma senda histórico-turística ó largo do Río Maior por medio dun Obradoiro de Emprego promovido polo concello de Vilaboa, coa subvención da Xunta de Galicia. Debido ao gran número de muiños a restaurar y dado o carácter formativo do obradoiro de emprego e a súa duración limitarase a reabilitación aos últimos quince muiños, aín que a senda que se pretende acondicionar abrangue todo o conxunto.

MEMORIA DESCRIPTIVA-XUSTIFICATIVA

A actuación que se pretende acometer dende o Obradoiro de emprego abrangue a rehabilitación por un lado de 14 dos 30 muiños que se atoparon ó longo do río Maior e o acondicionamento da senda que os percorre na súa totalidade.

No caso da rehabilitación dos molinos, os aspectos máis relevantes da actuación acometerían os integrantes do módulo de construción dacordo coa memoria que a continuación se adxunta, mentres que no caso do acondicionamento da senda verde, serían os integrantes do módulo de medioambiente os que levarían o peso do mesmo.

Adxúntase aquí, por este motivo unha pequena memoria descriptiva das obras a realizar neste primer proxecto do obradoiro:

Descrición do entorno.

O río Maior é un pequeno río que separa as parroquias de San Adrián de Cobres e Santa Cristina de Cobres, pertencentes ambas ó Concello de Vilaboa, e que verte as súas augas á ría de Vigo, en concreto á ensenada de San Simón. Ten varios regatos que conflúen nel, sendo o máis importante o rego do Portiño, rego no que conflúen máis da metade dos muiños obxeto deste proxecto.

Estas dúas correntes fluviais (o propio río Maior e o rego do Portiño) caracterízanse polos numerosos muiños de auga que en tempos pretéritos aproveitaban as súas augas para mover os rodicios que transmitían o seu movemento xiratorio á moa que sobre o pé encargábase de moer o millo.

Realizado un primer traballo de campo, polas ribeiras (ateigadas de maleza), detectáronse un total de 30 muiños, nun percorrido de 2 km. aproximadamente. Aínda que non se descarta a existencia dalgún máis, en principio están inventariados 12 muiños no río Maior e 18 no rego do Portiño, os cales necesitan unha rehabilitación parcial na maioría dos casos e case completa nos menos deles.

Descrición das obras

O que se pretende dende o Concello de Vilaboa é tratar de poñer en valor este rico patrimonio etnográfico, no concerniente aos muiños de auga, e natural, no relativo ao contorno no que están ubicados, promovendo un Obradoiro de Emprego de 45 alumnos-traballadores,



distribuídos en catro módulos (carpintería, construción, instalacións e medio ambiente - forestal).

Aproveitando as prácticas formativas do seu proceso formativo productivo, procuraríase levar a cabo as seguintes actuacións:

1. Rehabilitación e adecuación dos sendeiros que permitisen percorrer as ribeiras de ambas correntes fluviais, dende o seu nacemento ata a súa desembocadura, eliminando toda a maleza existente na actualidade e mantendo tódala flora e foresta propia da ribeira fluvial.

2. Limpeza dos seus leitos consistente na eliminación de tódolos elementos inorgánicos depositados neles coma plásticos, vidros, chatarra, escombros varios, etc.

3. Rehabilitación de tódolos muiños existentes en ámbalas marxes, consistente na reconstrución dos seus muros laterais e frontais de mampostería, na reposición do seu tellado e na construción e colocación de portas e ventás. Así mesmo, rehabilitaríase algún mecanismo dalgún muiño para desenvolver a tarefa demostrativa e didáctica da antiga moenda.

Prevéese un tempo de execución desta actuación desenvolto en dúas fases tal e como se describen a continuación:

1. Primeira fase

Rehabilitación dos sendeiros, limpeza dos leitos e rehabilitación de 15 muiños, durante un período de ano e medio aproximadamente.

2. Segunda fase:

Rehabilitación dos 14 muiños restantes durante un período de outro ano e medio, aproximadamente.

Cómpre suññar, que neste traballo de rehabilitación integral váise producir unha importante cantidade de maleza e de restos inorgánicos que serán tratados axeitadamente: unha parte da maleza será biotriturada e convertida en "compost" para abonos posteriores, mentres que outra parte será queimada puntual e axeitadamente. Con respecto aos restos inorgánicos, serán reciclados aqueles que sexa posible e serán retirados polo servizo de recollida de basura municipal o resto.

A restauración dos muiños faise aproveitando os propios materiais caídos ao pé dos seus propios muros (cachotería, dinteis, xambas, etc), polo que pouco será o material que se precise (area, cemento, tella, etc.) e tamén pouco será o escombros de obra resultante. En calquera caso o procedemento de eliminación do mesmo será exactamente igual que o descrito anteriormente, e o escombros específico de obra será retirado en contenedores alugados ás plantas de reciclaxe que as propias compañías alugadoras teñen.

As actuacións propostas, no que respecta ao módulo de medioambiente (nas súas ramas de forestal e xardinería) son as seguintes:

1. Desbroces e limpezas
2. Retirada de pasos, barandillas e escombros.
3. Construción da senda verde
4. Colocación de elementos de madeira
5. Señalización.
6. Revexetación.

1. Desbroces e limpezas.-



Levarase a cabo o desbroce e limpeza de toda a actuación. Farase por medios manuais na franxa da ribeira de 1 m de longo para permitir preserva-la vexetación ripícola existente de existires, e sobre a superficie restante o desbroce realizarase por medios mecánicos.

2. Retirada de pasos, barandillas e escombros.-

Será necesario reatirar aqueles escombros, pasos, e demáis obxectos que se encontran actualmente na ribeira do río e no cauce do mesmo.

3. Construcción da senda verde.-

A senda verde proxectada básase no trazado do río existente, co que se pretende únicamente é a súa delimitación ao carón deste e a súa consolidación, para evitar a constante invasión do paso pola vexetación ruderal ou polos cultivos, que chegan nalgunhas ocasións ata o borde da auga, invadindo a zona de dominio público.

Por esta razón, vaise proxectar unha senda de xabre, que non supoña unha afección apreciable sobre o medio, pero que permita a delimitación permanente dunha zona de paso. Esta senda terá 1,5 m de anchura e proxectouse dentro da franxa de 5 metros medidos desde a canle, pero suficientemente afastada deste para evitar a afección á vexetación de ribeira, que deberá manterse íntegramente.

Proxectouse tamén o establecemento duns módulos de plantación ao longon da senda, con especies autóctonas, que permitirán a delimitación natural do paso no futuro.

Para a construción da senda procederase previamente á excavación en "cajeado", de 1,5 m de ancho por 0,45 m de profundidade. En todo caso a excavación realizarase con maquinaria lixeira, tratando de minimizar a afección da vexetación e evitando afectar á vexetación de ribeira.

Unha vez finalizada a excavación procederase ao estendido e compactado dunha capa de pedraplén ou cachote de 20 cm de espesor, sobre a que se extenderá outra de xabre compactado de 30 cm de espesor.

4. Colocación de elementos de madeira.-

Prevese a colocación en determinados puntos do leito do río dunha baranda de madeira para evitar caídas ao río, sobre todo en caso de alturas importantes.

5. Señalización.-

Para a señalización da senda procederase á colocación de tres ou catro panéis informativos fabricados en madeira de pino e con tellado a dúas augas.

6. Revexetación.-

As labores de vexetación plantexáanse coma un traballo complementario a executar en caso da súa viabilidade sobre todo temporal e consistirá nun estendido sobre toda a superficie de actuación dunha capa de terra vexetal de 10 cm de espesor que permita a implantación da vexetación herbácea.

Procederase tamén a unha sembra manual a voleo a base dunha mezcla de semillas de especies herbáceas y arbustivas a razón de 300 kg/Ha.



O Alcalde

José Luis Poceiro Martínez

Vilaboa, Enero de 2006
O arquitecto municipal

Ignacio Diz Gómez